

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDA OU POSTERIOR TRANSMISIÓN NO CONCELLO DE AMES.

En data 26-04-2013 publicouse a resolución da lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C95502, conta 19, situada no concello de Ames na r/ Travesa, 3, 4º esqda.

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron reclamacións.

Á vista do que antecede

Resolvo

1º Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos ao procedemento de adquisición vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C95502, conta 19, situada no concello de Ames na r/ Travesa, 3, 4º esqda, que de seguido se relacionan:

Vivenda C95502:19

Admitidos

Número	Credencial	Nome do Titular
1	62765	JORGE GUNDIN LOPEZ

2º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do IGVS.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 20 de maio de 2013
O xefe territorial da Consellería de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

José Antonio Álvarez Vidal